

**ACTA RELATIVA A CUESTIÓNS SOBRE A DOCUMENTACIÓN E SOPORTES INFORMÁTICOS DOS SOBRES "B" QUE CONTEÑEN A DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PONDERABLES EN FUNCIÓN DUN XUÍZO DE VALOR DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A LICITACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" DO CONCELLO DE AMES.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as trece horas e trinta minutos do día 16 de setembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do procedemento aberto **PARA A LICITACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" DO CONCELLO DE AMES.**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

Don José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames.

**Vogais:**

Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.

Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos

Dona Marta Bellas Rodríguez, arquitecta municipal da Corporación.

**Secretario:** Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Por parte dos **grupos municipais da oposición**, con voz pero sen voto, asiste o representante do grupo municipal do Partido Popular, don Francisco Javier Olmo Olmo, a concelleira do grupo municipal Ames Novo, dona María Jesús Bóo Feijoo, o concelleiro de grupo municipal Pacto x Ames, D. Ramón García Argibay e o concelleiro non adscrito D. Francisco Javier López Suárez.

Tamén se atopan presentes no acto as seguintes persoas que manifestan que acuden na representación das empresas que asimesmo se indican:

- D. Javier Gonzalez Ordiz na representación de Acciona Agua Servicios, S.L.U.
- D. Agustin Cambeiro Piñeiro na representación de Espina y Delfin, S.L.
- D. José Manuel Bello López e D. Casimiro González na representación de Viaqua gestión integral de aguas de galicia, S.A.U.
- D. Carlos Álvarez de Gabriel na representación de FCC Aqualia, S.A..
- D. Luis Carreira Rúa na representación de Espina Obras Hidraulicas, S.A.

O secretario da mesa, a indicacións do presidente, comeza a dar conta de que despois do acto de apertura dos sobres "B" que tivo lugar o pasado día 12 de febreiro, por funcionarios do Concello que forman parte desta mesa de contratación comezaronse a examinar os soportes informáticos

presentados polos licitadores admitidos. En relación con esto manifesta que detectaron que algúns dos arquivos informáticos presentados non se axustan ao 100 % ao formato solicitado, que outros presentan problemas ao intentar abrirse os arquivos, e que incluso en outros parece que algunha da documentación presentada en papel non consta nos arquivos informáticos ou non é totalmente coincidente. Continúa manifestando que o elevadísimo volume de información contida na documentación presentada polos licitadores (volumes con mais de 800 folios en papel) fai moi difícil e laboriosa a labor de comprobación e cotexo de que o presentado en formato papel e o presentado nos arquivos informáticos sexa coincidente ao 100%, e que se presentarían complicacións no caso de que existan diferenzas entre o presentado en formato papel e o presentado en arquivos informáticos, pois sería complexo decidir cal dos formatos se tería en conta aos efectos da valoración e puntuación das ofertas, xa que isto podería poñer en cuestión a certeza da oferta formulada polo licitador. Continúa manifestando que os funcionarios do Concello tamén teñen reticencias a manexar arquivos informáticos editables que involuntariamente durante o seu manexo poderían ser alterados, e que ante o exposto anteriormente a recomendación unánime dos funcionarios do Concello que forman parte da mesa é que para otorgar a puntuación que corresponda se teña en conta o presentado en formato papel por ser inequívoco, contrastable e que deste xeito non van existir problemas de coincidencia, apertura ou alteración involuntaria de arquivos que poderían complicar o desenrolo do procedemento. Exposto o anterior os membros da mesa, por unanimidade dos seus membros presentes, acordan que se proceda a valoración e puntuación da documentación ponderable en función dun xuízo de valor de acordo coa documentación presentada polos licitadores en soporte papel.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor presidente da por rematado o acto, sendo as trece horas e cinco minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretario, certifico.